



CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 4128/11 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO 23ª FESTA DO IUDO INFANTIL MESTRE DE FRUTOS 2015

Dunha parte D. José M. Fernández Pérez, Presidente da Xunta Reitora do IMD de Vigo.

Doutra parte D. Mario Manuel Muzas Cobo, co DNI 50420454S, como Presidente do entidade Federación Galega de Iudo e D.A.

MANIFESTAN QUE

Coa colaboración do Concello de Vigo e do IMD, desenvólvese o 12 e 13 de decembro de 2015, en horario de 16:00 a 22:00 horas o día 12 e de 8:30 a 16:00 horas o día 13, na instalación do Pavillón Central das Travesas, a "23ª FESTA DE IUDO INFANTIL -TROFEO MESTRE DE FRUTOS-" organizado pola Federación Galega de Iudo e D.A.

A organización deste tipo de eventos deportivos, ven consolidar a oferta deportiva da cidade de Vigo.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexeráse polas seguintes cláusulas,

CLAÚSULAS

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua para desenvolver unha actividade deportiva, participando unha entidade importante da nosa cidade.
2. A Federación Galega de Iudo e D.A., comprométese á organización das diversas actividades deste evento deportivo, o día 12 e 13 de decembro de 2015, en horario de 16:00 a 22:00 horas o día 12 e de 8:30 a 16:00 horas o día 13, na instalación do Pavillón Central das Travesas, así como a utilización dos espazos necesarios para a organización e loxística das actividades.
3. Responsabilizarase de expoñer a imaxe do Concello-Concellería de Deportes e do IMD nun lugar visible e relevante na instalación na que se celebre o evento deportivo. Incluirá a imaxe do Concello-Concellería de Deportes e do IMD nun lugar relevante na cartelería, material publicitario... Con este fin, na solicitude de exención, a entidade organizadora adxuntará unha proposta de imaxe do evento, debendo ser ésta aprobada pola Concellería previamente á sinatura do Convenio de colaboración.



- 4.- Tras o evento enviará telemáticamente, nun prazo de 5 días, á dirección mail da concelleriadeportes@vigo.org unha memoria da actividade que incluírá como mínimo os seguintes apartados :
- Nome do evento.
 - N° de edición do evento.
 - Datos do organizador: Nome ou razón social, CIF, mail contacto,tlf contacto, Web se a ten, datos do responsable da actividade...
 - Data e lugar de celebración.
 - Breve resumo da actividade.
 - N° de participantes, clubs...
 - N° de asistentes ó evento.
 - 3 Fotografías en soporte dixital do desenvolvemento do evento.Como mínimo nunha deberá aparecer a imaxe do Concello-Concellería de Deportes.
- 5.- Proporcionará á Concellería de Deportes e ó IMD a información complementaria que se lle esixa vinculada ó desenvolvemento do evento.
- 6.- Invitará formalmente ó Concello de Vigo-Concellería de Deportes e ó IMD á asistencia ó evento.
- 7.- A organización comunicará por escrito á Concellería de Deportes o protocolo de entrega de Trofeos e agasallos previa celebración do evento, no que o Concello de Vigo-Concellería de Deportes terá unha presenza relevante.
- 8.-Comunicará á Concellería de Deportes e ó IMD calquera modificación nas condicións de celebración iniciais, debendo éstas ser autorizadas.
- 10.-O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, achegará toda a infraestrutura necesaria para a realización da citada actividade, (instalacións, megafonía, electricidade, marcador, zona central do hall principal, para o desenvolvemento de refrixerios ou agasallos para participantes e público asistente que faciliten o desenvolvemento e a labor organizativa da actividade, así como a venda de entradas para o evento, ao tratarse dunha actividade puntual na que a entidade deportiva sen ánimo de lucro, é a organizadora do evento), e a colocación da publicidade institucional nos espazos que considere oportunos.
- 10.- As actividades organizadas polo IMD ou en colaboración con entidades deportivas non aboarán o prezo público que define a ordenanza de prezos públicos según o apartado “c” do artigo 6, e que neste caso ascende a 606,60 €.
- 11.- A vixencia deste convenio é para as citadas actividades.



12.- No caso de non cumprir con algunha das condicións esixidas polo Concello, éste poderá esixir á entidade o aboamento do importe pola utilización da instalación Municipal para a celebración do evento.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día 7 de decembro de 2015.

O Presidente do IMD.

Asdo. José M. Fernández Pérez

Pola entidade asinante.

Asdo. Mario Manuel Muzas Cobo